


## Localización xeográfica da Ruta da Fraga da Becerreira



## Ruta da Fraga da Becerreira

É unha das 5 rutas que se poden facer en Trabada. Bosque de **carballo** situado no municipio de **Trabada**, municipio lucense que aposta por unha xestión forestal compatible co entorno e co medio ambiente. Este sendeiro discorre por tres zonas ben diferenciadas, comezando nun **piñeiral** maduro de **pinus radiata** que, a medida que nos achegamos ó río, vai sendo substituído polo **bosque de ribeira**, onde abundan a carriza e os fieitos. Nas **zonas máis altas** aparece unha **carballeira** máis densa onde o carballo convive co xardón, o arando e a abeleira. Estas especies ofrécenlle á abundante fauna da fraga alimento e acubillo.

## Sinalización do sendeiro




Continuidade do sendeiro




Cambio brusco de dirección



Cambio de dirección



Dirección errada



Indicador dirección




Derivacións, iguais cunha diagonal

**Dificultade:** Media, baixa.

**Percorrido:** 6,00 Km. aproximadamente.

**Duración:** 2:50 h. aproximadamente.

**Desnivel:** 275 m. aproximadamente.



### Concello de Trabada

Concello, 15

27765 Trabada

Teléfono: 982 13 50 11

Fax: 982 13 52 57



Conserva o teu entorno,  
non botes lixo na Fraga.



# PR 81<sup>®</sup>

GALICIA

Trabada - LUGO

## Ruta da Fraga da Becerreira

Sendeiros sinalizados





**Carballo**  
(*Quercus robur*)

Árbore robusta que pode superar os 40 m. de altura. Ten follas lobuladas sen pelo. As flores masculinas son colgantes e amarelentas. As feminas son diminutas. O seu froito é a landra, usada como alimento para o gando. A súa madeira é moi dura e utilízase para facer bocois.



**Abeleira**  
(*Corylus avellana*)

Arboriña caducifolia que non sobrepasa os 6 m. de altura, con follas redondeadas e pilosas. Os seus grupos de froitos pardos, son inconfundibles. As abelás úsanse como alimento ó seren moi nutritivas. As ramas son longas e flexibles, polo que se empregan para facer cestos.

As libelulas están presentes ó longo de todo o percorrido mostrando a súa espectacular cor.



**Pozas da Becerreira:**

O viaxeiro pode achegarse a un remanso de paz e disfrutar contemplando os pequenos saltos de auga



**Fonte das Gimenas:**

Aproveitando un manancial natural creouse esta fonte onde manan augas cristalinas dende o interior da terra.


Lugar favorito das Gimenas, pequenos seres misteriosos que frecuentan esta fraga. A estas criaturas do bosque, encántalles chapuzar e beber nestas augas.



**Fieito real**  
(*Osmunda regalis*)

Planta sen flores, de follas moi grandes, que poden acadar os 2 m. de altura. Coñecido como fieito real polo seu elegante porte. Tivo presenza na terra dende a época dos dinosauros, existindo fósiles dende hai 65 millóns de anos.

**DIRECCION PROPOSTA**



**Arandeira**  
(*Vaccinium myrtillus*)

Arbusto de 50 cm. de altura. As follas son ovaladas, pequenas e sen pelo. Florece en abril-xuño e as súas flores son verde-rosadas. O froito é o arando, de exquisito sabor e con propiedades cosméticas, ornamentais e incluso máxicas.



**Rusco**  
(*Ruscus aculeatus*)

Arbusto de 80 cm. de altura. As verdadeiras follas son diminutas, pero a partires delas nacen talos duros con aparencia de follas. As súas flores son pequenas e verdosas e os seus froitos son ballas vermellas. É usado con fins homeopáticos e en florería. Os talos tenros en primavera podense comer con espárragos.



**Xardón**  
(*Ilex aquifolium*)

Arbusto ou árbore de pequeno porte. Follas duras e moi verdes. Posúe flores brancas en acios situados na base das follas. Os seus froitos son ballas vermellas. A súa madeira é dura, moi valiosa para artigos torneados e labrados. A infusión da súa casca úsase para combater os arrefríos. Árbore sagrado para os antigos celtas.

	Zona de aparcamento		Pasarela peonil
	Panel informativo		Fonte
	Refuxio choiva		Arboredo